

O BARROCO

(Séculos XVII-XVIII)

- **Arte propagandística ó servizo da fé católica**, cunha finalidade didáctica destinada a conmover e emocionar a un público amplo.
- **Ruptura do equilibrio clásico**, e a aparición de novos modos caracterizados pola **distorsión**, o **dinamismo**, a **tensión** e mailos **contrastes**.
- Non obstante, nos séculos do Barroco continúa a haber un clasicismo que se resiste a desaparecer.

Os séculos do Barroco están definidos por tres grandes acontecementos: **As guerras de relixión** entre católicos e protestantes; as consecuencias da **Contrarreforma** da Iglesia católica abordada no Concilio de Trento a finais do s. XVI; e a implantación definitiva das **grandes Monarquías absolutistas** nos principais estados europeos..



CONTEXTO HISTÓRICO

UNHA EUROPA DIVIDIDA E CONTRADICTORIA

NO ÁMBITO RELIXIOSO: Reforma e Contrarreforma abriron unha profunda fenda que dividíu o territorio europeo en dúas zonas relixiosas, a católica e a protestante. O barroco nace como instrumento artístico da poderosa e rica igrexa católica que, para combater a difusión do protestantismo, esgrime a doutrina xurdida do Concilio de Trento. E no seu alarde propagandístico, a expresión artística terá un papel fundamental.

NO TERREO POLÍTICO: Afirmación do poder absoluto dos monarcas -especialmente de Luís XIV en Francia-, fronte ás fórmulas parlamentarias que teñen éxito en Holanda e Gran Bretaña. A arte vai a servir como instrumento de vanagloria e propaganda destas monarquías. A rivalidade política dos reis e o fanatismo relixioso de uns e outros, católicos e protestantes, asolará Europa cunha sorte interminable de guerras pola hexemonía europea e máis polo dominio comercial do mundo.


A Guerra dos Trinta Anos suporá a decadencia política e económica da Monarquía Hispana.



NO TERREO ECONÓMICO: Desenvolvemento do capitalismo comercial e mercantil, especialmente nos estados protestantes, cunha poderosa burguesía, en contraste coa pervivencia do sistema feudal na maior parte da Europa católica.

Coxuntura de crise económica do século XVII: tempo de famas, epidemias, medo e superstición. A bruxería e a herexía eran perseguidas pola Igrexa e a xente vivía con medo ante os poderes descoñecidos relacionados co demo e as súas consecuencias. Despois da guerra dos trinta anos, a concentración de conventos e mosteiros nas cidades foi un fenómeno xeral nos estados católicos e as festas sagradas e as procesións convértense en elementos efectivos para propagar dogmas e fomentar devocións.

EN CANTO AO PENSAMENTO, pese a ser tempos de fe, superstición e irracionalidade, se produce o desenvolvemento das disciplinas científicas e dunha nova filosofía racionalista (Copérnico, Galileo, Descartes). Descartes tivo que buscar refuxio fóra das fronteiras do seu país e Galileo pola súa demostración da teoría heliocéntrica, foi levado diante do tribunal eclesiástico onde se lle deu a elixir entre retractarse ou ser queimado.

RETROCESO ECONÓMICO E DEMOGRÁFICO DO SÉCULO XVII







**Queima
de livros**



Queima de bruxas

OS PAPAS E AS MONARQUÍAS



Autrias menores: Felipe III, Felipe IV e Carlos II



Luis XIV, retrato de Hyacinthe Rigaud (1659-1743).
Museo del Louvre, París

O inicio do Barroco na ROMA da Contrarreforma



Foi en Roma onde se fraguaron os presupostos estéticos do barroco, o foco a partir do cal se difundiron ao resto das grandes cidades europeas. Artistas como Bernini substituíron as grandes figuras de Miguel Anxo ou Rafael, e os papas seguiron o exemplo de Xulio II e de Sixto V para manter a hexemonía artístico-cultural de Roma no contexto europeo *Caput Mundi*.

O Concilio de Trento foi determinante na formación da arte Barroca. Na súa derradeira sesión aprobouse “*por medio das historias dos misterios da nosa Redención, descritos en pinturas e noutras representacións, o pobo sexa instruído e confirmado no hábito de recordar e meditar continuamente os artigos da Fé.*”

1. Claridade, sinxeleza e comprensibilidade
2. Interpretación realista
3. Estímulo sensible á piedade

Recomendouse representar a Cristo:

“*aflixido, sangrando, cuspidos encima, coa pel lacerada, ferido deformado, pálido e pouco atractivo*”

A ROMA BARROCA

Urbanismo

Nos anos finais do século XVI, o Papa Sixto V comezara un plan de desenvolvemento urbanístico da cidade que tiña como obxectivo recobrar o estatus de Roma como centro da Cristiandade católica, e establecer vínculos entre igrexas tan importantes como San Xoán de Letrán ou Santa Maria a Maior. Contará coa axuda técnica do arquitecto Doménico Fontana para tratar de unir, mediante trazados rectilíneos de rúas, as zonas da cidade que están ligadas á fe e potenciar así o culto aos mártires cun sentido de globalidade, priorizando a Roma cristiá sobre a Roma clásica.

As actuacións urbanísticas continuarán despois converténdose nun dos aspectos esenciais da arquitectura barroca. Obeliscos, prazas e fontes serán utilizados como referencias que marquen eixes e guíen aos fieis. É necesario acondicionar os espazos litúrxicos ás novas directrices contrarreformistas e facer visibles os edificios en espazos grandiosos e impactantes. A Igrexa, a través do Papado ou das ordes relixiosas, vai ser a que acometa as maiores obras, pero tamén as grandes familias aristocráticas remodelarán os seus palacios.

- **Dúas tipoloxías constructivas básicas: “Igrexa” e “Palacio”.**
- **Elemento fundamental do novo urbanismo foi a “Praza”, como elemento ordenador do espacio.**
- **Importancia das “vías de comunicación” (rúas anchas e rectas que desembocan nas prazas). Busca de puntos de vista monumentais: imaxe do poder. Permiten desfiles militares e civís e masivas manifestacións relixiosas.**

ARQUITECTURA BARROCA

ROMA

San Pedro do Vaticano

- **Fachada** de Maderno
- **Praza e Baldaquino** de Bernini.



ESPAÑA

Catedral de Santiago de Compostela

- **Torre do Reloxo** de Andrade
- **Fachada do Obradoiro** de Casas Novoa
- **Fachada de Sta Clara** de Simón Rodríguez




ARQUITECTURA BARROCA

Características Xerais

A ruptura co equilibrio clásico maniféstase a través de:

- **Materiais:** pedra e mármore (de varias cores para crear suntuosos espacios apropiados á teatralidade barroca. En ocasións elementos bronceados.
- **Elementos Constructivos.** Remiten ó clásico, pero de xeito distinto: ordens xigantes, columnas salomónicas, entaboamentos curvos, bóvedas ovais ou estreladas...
- **Plantas:** abandonan a forma circular e adoptan formas elípticas ou de gran complexidade xeométrica.
- **Fachadas:** deixan de ser previsibles, desenvolvendo gran viveza e movemento, con formas cóncavas e convexas.
- **Elementos Decorativos:** Frontóns curvos e partidos, cornixas rotas en formas caprichosas, vans en óvalo e motivos vexetais, coiros e cortinaxes que suxiren un mundo irracional e caprichoso...
- **Tratamento Interior de efectos fantásticos:** luces que ocultan a súa fonte, perspectivas ficticias e trampantollos...

As obras destinadas a concluir a Basílica de San Pedro no Vaticano e o seu contorno serán as de maior significación de todas as que van a levarse a cabo en Roma



Fachada da basílica de S. Pedro do Vaticano



Clasificación:

- Autor: Carlo Maderno
- Estilo: Barroco
- Cronología: 1607-1612
- Comitente: Papa Paulo V



Maderno: Remodelación de San Pedro Vaticano. (1603-09)

- Planta: Tras o Concilio de Trento= Cruz latina: 3 naves separadas por grandes arcos de medio punto.
- Fachada: Un corpo con ático e frontón ao centro. Fachada como soporte da cúpula. 2 pisos con 3 portas e balcon das bendicións.



Maderno modificou a planta de cruz grega adoptando a cruz latina, co que duplicaba a capacidade do recinto, e construíu unha nova fachada. De tódolos xeitos, a nave engadida distorsionou desde o exterior a visión da cúpula de Miguel Anxo. Combina a fría verticalidade do clásico con dinámicos intervalos de columnas e pilastras, rompendo a superficialidade do muro con corpos entrantes e saíntes.



FACHADA

- * **Corpo inferior**, formado por 2 pisos, cunha orde xigante de pilastras e semicolumnas corintias, segue un entablamento truncado. Desde os extremos cara o centro diminúe a distancia entre os soportes que aumentan de tamaño ó pasar de pilastras a columnas.
- * **Ático e coroamento de balaustrada e estatuas** (Cristo e os apóstolos). O eixo central da fachada, lixeiramente saínte, e rematado en pequeno frontón



Elementos decorativos centrados no xogo de vans en toda a fachada: ventás e balcóns abertos ou cegos e de distintas formas e tamaños con remates de frontóns triangulares ou semicirculares. Os grandes vans de arcos de medio punto dos laterais superan o ancho da basílica, pechan o conxunto e permiten a comunicación cos laterais



En conclusión, trátase dunha fachada autenticamente barroca, dinámica e en profundidade, que rompe coa tradición da parede recta de elementos aliñados. Tamén responde ao espírito barroco en canto que carece de correspondencia coa ordenación interior do edificio e coida especialmente a imaxe exterior. Por isto último, Maderno a desenvolve ao ancho e con escasa altura, para anular o menos posible a visión da cúpula que a pesar de todo se vai ocultando a medida que nos achegamos ao edificio, como consecuencia da prolongación do brazo occidental da igrexa.



Baldaquino da Basílica de San Pedro

Clasificación:

- Autor: Bernini
- Estilo: Barroco
- Cronología: 1624-1633.
- Materiais : Madeira, Estuco dourado, Bronze, Mármore
- Comitente: Papa Urbano VIII




Gian Lorenzo Bernini (1598 – 1680)

Breve biografía

Gran figura do Barroco italiano, artista de éxito e protexido dos Papas, foi o representante do afán de grandiosidade da nova Roma. A súa fama estendeuse fóra de Italia. Destaca como pintor e especialmente como escultor e arquitecto.


Foi o papa Urbano VIII quen lle encargou a súa primeira gran obra, o Baldaquino de S. Pedro do Vaticano. Entre 1656 -1657 leva a cabo a gran intervención urbanística da Roma do séc. XVII, a Praza de S. Pedro do Vaticano. Realiza tamén numerosas igrexas, tumbas, grupos escultóricos e obra civil, como palacios, fontes e prazas públicas.



Bernini, por encargo do papa Urbano VIII, seu auténtico mecenas, construírá un Baldaquino sobre a tumba de de San Pedro. Fálase de “**ARQUITECTURA ESCULTÓRICA**” xa que é unha estrutura a metade de camiño entre a escultura e a arquitectura. Transparente, non rompe a perspectiva da igrexa nin limita a percepción do inmenso espazo do cruceiro e a cúpula. Grazas ao seu tamaño (29 m), permite pasar visualmente da escala colosal do edificio á escala humana, mediante unha transición gradual. Está realizado en bronce dourado, que foi arrincado do interior do pórtico do Panteón romano.




O Panteón (interior do Pórtico). De aquí sacaron o bronce dourado para o baldaquino , de aí o dito de que “non o fixeron os bárbaros, o fixeron os Barberini” (apelido da familia papal).



O Baldaquino representa un monumental dosel sobre a tumba de San Pedro que recorda o palio que se colocaba sobre o Papa cando era transportado a través da basílica nas grandes cerimoniais. Escudos de armas, ramas de loureiro, grilandas, símbolos do poder papal esculpidos nel mestúranse coa estrutura arquitectónica. Sobre unha base de mármore Bernini levanta catro columnas de bronce de fuste helicoidal que sosteñen un dosel no que as volutas prolongan o movemento das columnas e remata nos símbolos do trunfo universal de Cristo, o globo terrestre e a cruz. É unha obra na que se mestura estrutura arquitectónica e escultura monumental. O seu tamaño está relacionado co da igrexa e o bronce escuro que emprega na construción contrasta cos brancos do mármore do edificio. A obra de Bernini concentra as miradas baixo da cúpula, sobre o altar onde se celebra a misa, onde ten lugar o milagre da Eucaristía, dogma que se pretende reforzar desde Trento. A igrexa convértese en escenario do milagre co emprego de recursos ilusionísticos e visuais no deseño do espazo e no uso da luz. Mais tarde fará a cátedra de San Pedro, ampliando a estratexia escenográfica e poñéndoa en relación co baldaquino. Escultura e arquitectura colaboran para facer tanxible ao espectador o sobrenatural.



**Gloria que
perfora
o muro**



**Fusión:
Arquitectura
Luz
Pintura
Escultura
(teatralidade)**


**Bernini.
Cátedra de San Pedro**

A estrutura do Baldaquino está formada por 4 columnas salomónicas de bronze que suxeitan un dosel- coroa de brazos curvos.

- 1. Alto podio cúbico de mármore
- 2. Columnas salomónicas, divididas por aneis, con decoración de estrías, nenos, anxos, ramas de oliveira e follas de acanto.



3. Capitel composto, con entablamento partido e remate dun anxo en cada esquina.
4. Unindo as 4 columnas, placas de bronce simulando tecido e nenos cos símbolos papais: tiara, chaves, abellas (referencia ao escudo da familia Barberini do Papa Urbano VIII)
5. Catro volutas coroan o dourado dosel rematadas cun globo terráqueo coa cruz.



O Baldaquino dá realce á cúpula de Miguel Ángel e centraliza o espazo que adquirira unhas dimensións inabarcabeis. A estrutura da obra reflicte, aínda que sen imitalos, os grandes piares e a enorme cúpula da basílica, atraendo a atención, de forma indirecta, sobre esta.



**Mantén proporción
co templo (29m. Altura)**

**Ao deixar expedito interior
Permite contemplación da contorna.
Xogo bicromía: mármore paredes
e bronce baldaquino**

**Movemento
ascensional**



**As columnas torsas, tidas
por similares ás do Templo
de Salomón, resaltan a
figura de Urbano VIII como
Moderno Salomón da
cristiandade, e a Roma
como a nova Xerusalem
triunfante sobre o
protestantismo.**


Praza de San Pedro do Vaticano

Clasificación

- Autor: Bernini
- Estilo: Barroco
- Cronoloxía: 1656-1667
- Comitente: Papa Alejandro VI



A basílica precisaba dunha aproximación a gran escala para resaltar a súa preeminencia entre todas as igrexas do mundo católico. Ademais eran necesarios lugares cubertos para as procesións e as cerimoniais solemnes, e tamén para protexerse do sol e a chuva. Por razóns topográficas, Bernini ten que deseñar unha praza recta ante os pés da igrexa, debido á proximidade da entrada ao palacio. Soamente despois da praza recta se podía ensanchar o espazo e realizar a forma oval que simboliza os brazos cos que a igrexa acolle aos fieis. Tamén debía integrar o obelisco que xa estaba colocado a certa distancia da igrexa. A praza foi concibida a modo de antigo atrio




Planta,


2 espazos diferenciados pero unidos:

1. Praza trapezoidal, en pendente, con 2 brazos converxentes. O lado máis ancho se corresponde coa fachada da Basílica.

2. Praza elíptica, de eixo transversal, composta por 2 semicírculos. Moi característica da arquitectura barroca, polo seu carácter dinámico, xa que suxire un círculo sometido a unha tensión lonxitudinal.



Proyecto de cruz griega ideado
por Miguel Ángel




Cúpula de Miguel
Ángel (XVI)

Prolongación de uno de los
brazos de la iglesia (planta
de cruz latina) por Carlo
Maderno a principios del XVII

Plaza diseñada por Bernini

A pretensión de Bernini era vincular visualmente columnata, fachada e cúpula. Bernini calcula o tamaño das columnas en función da fachada e o edificio existentes, tratando de harmonizar o conxunto, de maneira que a súa horizontalidade resalte visualmente as tendencias verticais da fachada. A forma elíptica do trazado potencia unha visión dinámica e cambiante da cúpula. A súa obra foi polémica no seu momento, pero o uso de columnatas terá repercusións nos séculos seguintes en cidades como Nápoles ou San Petersburgo.



Elementos:

Pórticos cubertos, formados por 4 monumentais columnatas de mármore branca (300),
paralelas e pareadas de orde toscana, que deixan libre un amplo espazo interior

Remate superior de balaustrada e 140 estatuas relixiosas

Obelisco no centro, situado alí polo papa Sixto V en 1585.

2 fontes no foco da elipse


Pavimento de deseño radial



Altera o sentido clásico das ordes clásicas ao colocar un entaboamento xónico sobre columnas de orde toscano. Concibe as columnas como unidades individuais, á maneira grega, e remata cada unha delas cunha imaxe que pon en relación a igrexa triunfante dos santos e mártires coa militante dos fieis que acoden á praza




- A COLUMNATA, é funcional e alegórica:
- Pecha opticamente a Praza do Vaticano.
 - Serve de deambulatorio cuberto nas procesións.
- Abraza a cristiandade que peregrina para recibir a bendición do Papa *urbi e orbi* neste gran escenario teatral




Deambulatorio cuberto para as procesións.



A COLUMNATA, ademáis consegue afastar e reducir a visión da fachada de Maderno e RESTABLECER A HEXEMONÍA FORMAL E SIMBÓLICA DA CÚPULA DE MIGUEL ANXO, ao interpoñer entre a praza elíptica e o edificio basilical o espazo trapezoidal limitado polos brazos rectilíneos ou "piazza retta"



Fusión plaza-basílica



**Potencia a
Cúpula de Miguel
Ánxo**

**Brazos rectos con
formas pechadas.
Presentan vanos
enmarcados por
pilastras**

**Símbolo: Igreja
Abraza a
cristiandade**

Vista aérea


**Dous brazos rectos
Diverxentes.
Espacio trapezoidal**

**Pórticos saíntes en
extremos do eixo
transversal**

**Dous brazos
Elípticos (elipse aberta)**

**Estaba previsto
Terceiro brazo
peche**

**Espacio aberto
para integrarse na cidade
Pechado para acoller**



**Xogos perspectívos
(intensifica profundidade
da fachada)**

**Distintos
niveis**

**Obelisco central
frankeado por dúas
fontes**

**Calellas medievais
eliminadas no S XX
para crear gran avenida
da conciliación**

Vista aérea

**Efecto sorpresa
tras atravesar a
columnata**

Barroco en Francia: VERSALLES



A ESPAÑA DO BARROCO

O século XVII pasará á Historia como o século de Ouro das artes, que brillaron como nunca, a pesar de ser un período de “ruina económica e empobrecemento xeral” (en contraste co esplendor do século anterior) e de “decadencia política” na que vai quedar liquidado o Imperio español.

ARQUITECTURA:

- Construcións de pouca envergadura e pobreza de materiais (salvo en Galicia)
- Marcada influencia escurialense ata mediados de século.
- Progresivo desenvolvemento da ornamentación gañando terreo á austeridade escurialense.
- Desenvolvemento dos “retablos”, elemento propio do barroco hispano.
- Interese urbanístico e importancia das Plazas Maiores.
- Diferencias notables entre os distintos focos constructivos da península.

Prazas Maiores, Palacios , e Retablos



Arquitectura barroca en Compostela

Séculos XVII-XVIII

Contexto histórico

As especiais condicións económicas e sociais de Galicia nos sécs. XVII-XVIII explican o auxe construtivo barroco: expansión agrícola, aumento de poboación, aumento das rendas percibidas pola fidalguía e o clero. Restáuranse os vellos edificios relixiosos ou son substituídos por outros maiores, así como pazos rurais e casonas urbás. Compostela emprenderá enormes obras de remodelación, co poder económico e político da cidade en mans da Igrexa: arcebispo e cabido catedralicio, coinciden en promover o engrandecemento artístico da catedral, nun momento de decadencia das peregrinacións. Esta transformación afectará tamén a mosteiros, conventos e parroquias da cidade. Santiago reunirá un núcleo de artistas de gran calidade e preparación que encherán a cidade de numerosos obras, modelo do estilo Barroco.

Contexto Histórico

As finalidades que se buscan co patrocinio das obras en Santiago son: a promoción do culto xacobeo, a reafirmación do padroado (voto de Santiago), e o intento de recuperar a importancia que Santiago tivera como santuario de peregrinación no contexto europeo. O ambicioso plan de renovaciónponse en marcha a mediados do XVII grazas á vontade emprendedora, aos coñecementos artísticos e aos dotes de persuasión dun dos membros do cabido catedralicio: o cóengo don Xosé de Vega e Verdugo, home culto e coñecedor das últimas tendencias artísticas que se están a desenvolver en Roma e na Corte. Vai ser o encargado de facer un informe sobre a maneira de acometer a reforma do edificio e consegue que o acepte o Cabido e que o arcebispo Carrillo dea permiso para levala adiante. Desde o seu posto de Fabriqueiro, o cóengo Vega supervisa as obras encamiñadas a renovar o espazo da capela maior, coa construción dun baldaquino inspirado no de San Pedro do Vaticano, e a dotar ao exterior do edificio dun aspecto máis acorde cos novos tempos.

A partir dese momento a fábrica catedralicia convertese en centro de experimentación e escola de formación de artífices galegos. Todos os artistas importantes que hai daquela en Compostela van estar ligados nalgún momento a estas obras. Ao principio son mestres foráneos, como o salmantino Peña de Toro, os que se encargan da dirección dos traballos, baixo a mirada vixiante e o parecer do cóengo Vega, pero ao abeiro das obras, os mestres galegos formados nelas, van ser os que os que tomen a dirección e lle infundan singularidade propia ao estilo.

Etapas

Desde mediados do séc. XVII, a cidade de Santiago vai sufrir unha profunda transformación, barroquizándose todo o que se poida ver. Faranse 3 prazas en torno á catedral (Quintana, Praterías e Obradoiro), revístese o edificio románico e remodeláanse mosteiros, nun proceso que se estende polo séc. XVIII.

Distinguimos 3 etapas:

1. Barroco inicial: **José da Peña de Toro**, recubrimento da cabeceira.
2. Barroco pleno:
 - ❖ **Domingo de Andrade**, praza da Quintana, Pórtico Real, **torre Berenguela**, Casa da parra, Casa da Conga. Sto. Domingo de Bonaval: fachada e escaleira.
 - ❖ **Fernando de Casas e Novoa**: **fachada do Obradoiro** e de S. Martiño Pinario.
 - ❖ **Simón Rodríguez**: **fachada do convento de Sta. Clara**
3. Barroco final: **Clemente Fernández Sarela**, casa do Cabido.

Características Xerais do Barroco galego

- Emprego do granito gris da zona (solemnidade).
- Edifícios de grandes dimensións
- Influencia do modelo do Escorial (austeridade, pináculos de remate)
- Preferencia polas fachadas telón integradas entre outros edificios.
- Movemento e curva, moderados.
- Integración no espazo urbano. Novas prazas dentro dunha cidade medieval
- Busca dos efectos teatrais da luz, polo xogo de vans, muros e sombras
- Ornamentación baseada na propia arquitectura: molduras, grandes volutas, entablamentos esaxerados, frontóns partidos e curvos.
- Elementos decorativos: acios de froitos, escudos, recortes de pedra con formas xeométricas (**Barroco de placas**).

Estas fórmulas barrocas arraigarán con forza na arte popular e seguirán vixentes en Galicia cando o Barroco pase de moda e os novos gustos recuperen as fórmulas clásicas dictadas pola Academia. Como xa pasara aquí antes có románico,

Barroco inicial

Xosé da Peña de Toro, salmantino, mestre de obras da catedral desde 1666 ata a súa morte en 1676, remata o recubrimento da cabeceira. Mantén rasgos clasicistas.



Barroco pleno

O estilo destas obras terá un carácter peculiar que ven dado, en parte, pola adaptación dos presupostos do barroco a un material duro como o granito, pero tamén pola importancia das obras que se desenvolverán aquí. Así xorde o termo de Barroco Compostelán para referirse ás peculiaridades propias das edificacións que se fan daquela na cidade.



Torre do Reloxo ou Berenguela



Fachada do Obradoiro



•Convento Sta. Clara

Torre do relóxo da Catedral de Santiago (Torre Berenguela)


Situada na esquina da Praza da
Quintana con Praterías.

Clasificación:

- **Obra:** Torre do relóxo ou Berenguela
- **Estilo:** Barroco
- **Autor:** Domingos de Andrade
- **Cronoloxía:** 1676 - 1680.
- **Comitente:** Cabido da catedral de santiago



Sobre o baseamento medieval existente, Andrade levanta a **torre do relóxo**, composta por dous corpos prismáticos superpostos en orde decrecente á maneira italiana, con templetes circulares e balaústres para resolver o paso dun corpo a outro, e rematada cunha cúpula de liñas movidas. A pericia do arquitecto converte a torre en nexo entre a zona da Quintana e Praterías, e en fito que atrae a mirada dos peóns desde lonxe cara o templo do Apóstolo; ao tempo que serve de contrapunto á horizontalidade da fachada de San Paio. Ademais introduce un tipo de ornamentación de froitas e vexetais, propia do traballo de madeira, que no granito adquire unha consistencia plástica diferente, mesturada con motivos xacobeos e trofeos militares.



Andrade é o primeiro autor
plenamente barroco, duns
modos constructivos que
rompen coa tradición anterior.


**Primeiro corpo, correspóndese
coa antiga torre do séc. XIV**

- a) Abre un balcón cun van e
arco de medio punto cun
escudo no centro sostido por
anxos.
- b) Entablamento moi decorado
e con casetóns.
- c) Balaustrada.



Segundo corpo

- a) Planta rectangular decrecente respecto do anterior corpo.
- b) Un templete octogonal en cada esquina con oito vans entre pilastras e decoración vexetal, rematando nunha cupuliña con pináculos historiados.
- c) Reloxo de esfera calada con decoración vexetal, fantástica e de volutas.
- d) Van con acios nas xambas sostido por arco de medio punto e con pilastras compostas.
- e) Entablamento.
- f) Balaustrada.



Terceiro corpo

- a) Octogonal.
- b) Catro templetes calados nas esquinas.
- c) Vans sostidos por arcos de medio punto con anxos nas claves.
- d) Balaustrada octogonal.
- e) Cúpula con ornamentación vexetal rematada nunha lanterna con oito vans, un pináculo e unha cruz.



O estilo destas obras terá un carácter peculiar que ven dado, en parte, pola adaptación dos presupostos do barroco a un material duro como o granito, pero tamén pola importancia das obras que se desenvolverán aquí. Así xorde o termo de Barroco Compostelán para referirse ás peculiaridades propias das edificacións que se fan daquela en Santiago.



Domingo de Andrade

Pórtico Real



Fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago

(Fachada telón, cumio da arte barroca galega)



Clasificación

- **Obra:** Fachada do Obradoiro
- **Autor:** Fernando de Casas e Novoa
- **Estilo:** Barroco
- **Cronoloxía:** 1738 - 1750
- **Comitente:** Cabido da catedral de Santiago

Estado da fachada antes da remodelación:

- a) Ruinoso.
- b) Torres desiguais.
- c) Elementos engadidos doutras épocas.

A nova estrutura había que colocala diante do Pórtico da Gloria do Mestre Mateo. Tratábase de tapar a obra vella dándolle un aire novo e monumental, como á cabeceira. Pero tamén había que resolver o problema de iluminación interior, integrar o edificio na estrutura urbanística da cidade e acoller a escalinata barroca xa comezada.

F. de Casas Novoa superou maxistralmente o reto: o pórtico románico quedou oculto tras unha estrutura piramidal e conxugou o estilo da súa época cos elementos anteriores




ESTRUTURA piramidal de corpos
decrecentes e liñas verticais

Rúas laterais:

- a) Columnas corintias xigantes
superpostas e saíntes sobre elevados
podios, fuste decorado con relevos
e estrias.
- b) Corpo de luces
- c) Remate decorativo
- d) As torres seguen o modelo da
Berenguela.
- e) Balaustradas con pináculos unifican
os remates.

Rúa central:

- a) Arco de medio punto con parteluz,
recorda ao románico.
- b) Ventás, recubertas con vidros e
entramado metálico.
- c) Volutas.
- d) Espadana calada: Santiago Peregrino
nun transparente.



Espadana calada: Santiago
Peregrino nun transparente.



A decoración baséase no denominado **estilo de placas** fundamentado en volutas vexetais, recortadas. (os elementos vexetais, son máis miúdos que os que empregara Andrade).

Columnas, pilastras, arcos e nichos con símbolos que inciden no carácter de santuario de peregrinación do templo e subliñan a faceta guerreira do santo. Cupulíns e pináculos aumentan a sensación de verticalidade. O aspecto imponente da fachada aínda debeu ser maior, dado que moitos dos motivos decorativos tiñan cor que imitaba mármore e bronce; carácter polícromo que xa experimentara o autor na decoración da Capela do Pilar.



Flanqueada por dúas Torres (unha XVII)

Espadaña con Santiago (fondo azul)

Remate central fraccionado a distintos niveis

Estructura piramidal

Van de acceso recrea o románico

Fachada desmaterializada
Con enormes ventás verticais
Con denso reticulado metálico
(iluminación do nártex románico)


Enormes proporcións a convirten no plano focal da praza

Artellamento con columnas de fuste estriado moi saíntes (claroscuros)

A pedra gris empregada obrigou a que os motivos decorativos se xeometrizaran

Escaleiras tanxenciais

Funcións Fachada
Protexer pórtico da Gloria
Integración urbanística



Fachada de Sta. Clara .

Clasificación


- **Obra:** Fachada da igrexa do convento de Sta. Clara
- **Autor:** Simón Rodríguez
- **Estilo:** Barroco
- **Cronoloxía:** 1719-1726
- **Comitente:** convento de Sta. Clara



O sentido escenográfico do Obradoiro é levado ata as últimas consecuencias por **SIMON RODRIGUEZ** na fachada da portería do **convento de Santa Clara** realizada nos principios do século XVIII, pois preténdese con ela salientar unha igrexa situada varios metros máis atrás.

Está executada no estilo de placas tan arraigado no Barroco compostelán.

- a) Fachada telón.
- b) Detrás dela non está a igrexa, senón que primeiro hai que atravesar un xardín.



. Vai precedida dunha escalinata e érguese con sentido ascensional, xogando coa inestabilidade ao ir incrementándose os volumes cara á zona máis alta ata rematar en tres enormes cilindros. A estrutura está posiblemente inspirada no estípite, soporte máis estreito abaixo que arriba utilizado habitualmente nos retablos, e é a mesma concepción coa que trazara anos antes a torre campanario de San Fiz de Solovio. A orixinalidade da decoración, a base de molduras e placas de diferente grosor con volutas e cilindros que buscan distintos planos de relevo, supón o último paso na adaptación das formas barrocas ao granito e contrasta coa decoración naturalista do barroco tradicional.



Estrutura:

- a) Tres rúas e tres corpos.
- b) Encadrada en dúas pilastras.
- c) Decoración na rúa central (porta, groso baquetón, placas, volutas, cilindros, un nicho rectangular baleiro (posible proxecto dun balcón) e outro con arco de medio punto coa imaxe de Santa Clara)
- d) Decoración no corpo superior sobre unha cornixa voadiza cun frontón curvo truncado con cilindros sobre cubos. Efecto de claroscuro.

A decoración aumenta coa altura



Barroco final

Casa do Cabido Fernández Sarela

Decoración xeométrica:
placas e cilindros

Volutas

Remate de enorme
balaustrada e pináculos

